

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 15 de maio de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da variante de Vereas (clave OU/15/011.01).

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o proxecto de construción da variante de Vereas, de clave OU/15/011.01.

Mediante Resolución do 27 de febreiro de 2009, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, adxudicou o contrato de concesión de obra pública para a construción de obra do eixo de comunicacións A-52-fronteira portuguesa, treito: VAC A-52-Celanova sur, clave OU/01/101.01.75.1, e o eixo de comunicacións A-52-fronteira portuguesa, treito: Celanova sur-fronteira portuguesa, clave OU/01/101.01.75.2.

Con data do 6 de outubro de 2009, a directora xeral de Infraestruturas, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobou o proxecto do eixo de comunicacións A-52 fronteira portuguesa, treito: VAC A-52-Celanova sur, clave OU/01/101.01.75.1, e o eixo de comunicacións A-52-fronteira portuguesa, treito: Celanova sur-fronteira portuguesa, clave OU/01/101.01.75.2.

Con data do 8 de outubro de 2009, a Xunta de Galicia procedeu á declaración da utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para os efectos de expropiación para a mencionada obra polo Decreto 396/2009, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 22 de outubro. Con todo, polo Decreto 24/2014, do 27 de febreiro, déixase sen efecto o citado Decreto 396/2009, do 8 de outubro, no que afecta o treito II da actuación, no cal se incluía a variante de Vereas.

O obxecto do presente documento é a definición técnica e económica, a nivel de proxecto construtivo, das actuacións necesarias para a execución da mencionada obra, tendo en conta para iso os condicionantes de carácter técnico, ambiental e social, así como as características xeolóxicas, xeotécnicas e topográficas do terreo. Procedeuse á reformulación do proxecto construtivo que orixinalmente formaba parte dos proxectos do eixo de comunicacións A-52 -fronteira portuguesa, treito: VAC A-52-Celanova sur, clave OU/01/101.01.75.1, e o eixo de comunicacións A-52 -fronteira portuguesa, treito: Celanova sur -fronteira portuguesa, clave OU/01/101.01.75.2, adaptándoo ás novas necesidades



(técnicas e de normativa) pero mantendo sempre a superficie de ocupación definida pola traza xa expropiada.

A variante de Vereá ten unha lonxitude de 1.794 m (p.q. 1+626 ao p.q. 3+420), comezando e finalizando o seu percorrido en senllas glorietas nas ligazóns coa OU-540 e a súa execución ten como obxectivo solucionar os problemas de circulación na travesía actual de Vereá. As características xeométricas da sección da estrada en variante é a correspondente ás dúas calzadas de 3,5 m de ancho, con beirarrúas de 1,5 m e cunetas de 2,5×0,25 m. Como única estrutura proxectada atópase o paso superior do p.q. 2+900, que ten unha lonxitude total aproximada de 36,7 m, cunha calzada única que consta de tres vans 10+16, 7+10 m, cun ancho de taboleiro de 10 m composto por vigas prefabricadas.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, sométese o documento á información pública para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto do 26 de abril de 1957.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Ourense (rúa Sáenz Díez, 1, 32071 Ourense) e no Concello de Vereá (lugar Carballo, s/n, 32813 Vereá, Ourense). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase ao dispor dos interesados o documento do proxecto construtivo.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

